

## Informe sobre viabilidade da implantación dunha estación de recarga de vehículos eléctricos en solo rústico (Concello de Trasmiras – Expediente XCP-24/008)

### ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 07.02.2024 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2024/389274) oficio do alcalde de Trasmiras no que solicita informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en relación coa viabilidade da implantación dunha estación de recarga de vehículos eléctricos en solo rústico.

A consulta vai acompañada dun informe técnico municipal do 06.07.2023, no que se fai constar o seguinte:

*“Según el artículo 34.2 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia (LSG), la parcela donde se pretende la instalación (RC: 32083A501002260000XL), está clasificada como Suelo Rústico de Protección Agropecuaria, “al tratarse de terrenos que fueron objeto de concentración parcelaria con resolución firme”.*

[...]

*La LSG, en su artículo 35, donde se regulan los usos en suelo rústico, no justifica en ninguno de ellos claramente esta actividad concretamente, al tratarse, por otro lado, de algo novedoso, pero con mucha demanda en la actualidad y a futuro.*

*Quizás en los apartados f, l, m de dicho artículo.*

[...]

*Se hace referencia a un uso del suelo para estacionar vehículos, para actividades vinculadas a las carreteras (es evidente que los vehículos circulan por las carreteras y cerca de éstas es donde deben estar dichos servicios) y no cabe duda que existe un transporte de energía, aunque no se especifique claramente esta instalación.*

*Nos ponemos en contacto con este Consello Consultivo, con el fin de que aclaren la viabilidad de lo solicitado y nos indiquen la si se trata de un uso permitido en este tipo de suelo, sin dejar de tener en cuenta el resto de autorizaciones sectoriales necesarias”.*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.



**SEGUNDA.-** O Concello de Trasmiras conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente por Orde do 08.01.2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 23 do 01.02.2019 e no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* núm. 130 do 08.06.2019.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte no seu apartado 1:

*"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:*

[...]

*d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".*

En consecuencia, ao solo rústico de Trasmiras aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

**TERCEIRA.-** A consulta municipal versa sobre a viabilidade de implantar unha estación de recarga de vehículos eléctricos en solo rústico e a súa posible incardinación nos usos e actividades admisibles nesta clase de solo enunciados no artigo 35.1 da LSG.

A incorporación progresiva dos vehículos eléctricos ao sistema de mobilidade leva asociado o necesario despregamento dunha infraestrutura de puntos de recarga de vehículos eléctricos, cuxa regulación se contén na normativa sectorial aplicable.

En concreto, o *Real Decreto 184/2022, do 8 de marzo, polo que se regula a actividade de prestación de servizos de recarga enerxética de vehículos eléctricos*, define no seu artigo 3 o servizo de recarga enerxética de vehículos eléctricos como o *"... que ten como función principal a entrega de enerxía a título gratuíto ou oneroso a través de servizos de carga de vehículos nunhas condicións que permitan a carga de forma eficiente e a mínimo custo para o propio usuario e para o sistema eléctrico"*.

Así mesmo, o citado precepto define a infraestrutura de puntos de recarga de vehículos eléctricos como o *"conxunto de dispositivos físicos e lóxicos, destinados á recarga de vehículos eléctricos que cumpran os requisitos de seguridade e dispoñibilidade previstos para cada caso, con capacidade para prestar servizo de recarga de forma completa e integral. Unha infraestrutura de puntos recarga de vehículos eléctricos inclúe as estacións de recarga, que á súa vez están formadas por un ou máis puntos de recarga, o sistema de control, canalizacións eléctricas, os cadros eléctricos de mando e protección e os equipos de medida, cando estes sexan exclusivos para a recarga do vehículo eléctrico, así como os protocolos de comunicación e interoperabilidade e un sistema de pagamento para o que non se necesite ningún tipo de contrato, cando estes sexan de acceso público"*.



Ademais, resulta significativa a obriga imposta pola *Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética*, ás estacións de servizo que reúnan determinadas condicións especificadas no seu artigo 15, de instalar infraestruturas de recarga eléctrica.

**CUARTA.-** A normativa urbanística, nomeadamente o artigo 35.1 da LSG, contén unha enumeración de usos e actividades admisibles no solo rústico, entre as que destacan as *"instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo"*, previstas na súa letra l).

Para os efectos de delimitar este uso, cómpre ter en conta que o artigo 6.1 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, define os elementos funcionais das estradas como *"... as zonas permanentemente afectas á súa conservación, á explotación do servizo público viario ou a outros fins auxiliares ou complementarios"*.

Por outra banda, as estacións de servizo, de conformidade co establecido nos artigos 43, 44 e disposición adicional trixésimo quinta da *Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos*, son aquelas instalacións habilitadas para a distribución ou subministración polo miúdo de combustibles e carburantes a vehículos.

En atención ao exposto e, na medida en que o artigo 35.1.l) da LSG considera como un uso admisible no solo rústico as estacións de servizo, cabe entender que dende o punto de vista urbanístico o dito uso abrangue tamén as estacións de recarga de vehículos eléctricos, na medida en que ambas instalacións teñen a mesma finalidade e a principal diferenza entre elas refírese ao tipo de subministración que ofrecen ao público.

Esta interpretación finalista do dito artigo resulta acorde á realidade social do tempo no que debe ser aplicado, caracterizada polo cambio de paradigma na mobilidade e o impulso por parte dos poderes públicos da necesaria implantación dunha infraestruturas de recarga eléctrica de vehículos suficiente, que non existía no ano 2016, cando se aprobou a LSG.

## CONCLUSIÓN

A implantación dunha estación de recarga de vehículos eléctricos constitúe un uso admisible en solo rústico previsto no artigo 35.1.l) da LSG.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

